



CONCELLO DE  
OLEIROS

## Certificado

M<sup>a</sup> Pilar Cela Alvarez, secretaria accidental do Concello de Oleiros (A Coruña).-

### C E R T I F I C O:

Que na sesión ordinaria do Concello Pleno que tivo lugar o día 28 de xaneiro de 2016, adoptouse o acordo seguinte:

"Punto 2.- Aprobación inicial, se procede, da modificación puntual nº 4 do PXMO de Oleiros sobre modificación dos usos das parcelas de equipamento da urbanización "Mesón da Auga"

"A Secretaría xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo na Orde de 11 de decembro de 2014, sobre aprobación definitiva do PXOM do Concello de Oleiros, que completaba o documento de cumplimentación da Orde de 11.03.2009, de aprobación definitiva con carácter parcial do PXOM, xa considerou que non teñen a consideración de errores, e consecuentemente deberán tramitarse, no seu caso, como modificacións puntuais segundo se establece no art. 94 da LOUG "os cambios no plano 2-32C das alíñacionés, da cualificación da dotación de zona verde por equipamento, e dos usos atribuídos a unha parcela dotacional".

É dicir, a urbanización Mesón da Auga promovida por XESTUR GALICIA, foi obxecto de plan parcial anulado xudicialmente cando o desenvolvemento urbanístico estaba xa executado, non así o proxecto de repartelación nin o proxecto de urbanización do desenvolvemento do ámbito. O ámbito foi incorporado ao PXOM aprobado por Orde de 11.03.2009, como solo urbano consolidado ordenanza 7B, non obstante grafiouse mal en planos as parcelas de equipamento, as cales non se corresponden co documento e escritura do proxecto de repartelación. Detectado o erro polos técnicos municipais propúxose súa corrección no documento de cumplimentación da Orde de 11.03.2009, non obstante a Consellería considerou que debía ser obxecto dunha modificación puntual.

A efecto contratouse co equipo FERNANDEZ CARBALLADA & ASOCIADOS a asistencia técnica para a elaboración do documento denominado MODIFICACION PUNTUAL Nº 4 PXOM DE OLEIROS CONSISTENTE NO CAMBIO DE USOS NAS PARCELAS DE EQUIPAMENTO DA URBANIZACION MESON DA AUGA.


Presentado o documento trámitouse a avaliación ambiental estratéxica e por resolución da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental de 28 de outubro de 2015, resólvese:

Non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria a "Modificación puntual nº 4 do PXOM de Oleiros que consiste en CAMBIO DE USOS NAS PARCELAS DE EQUIPAMENTO DA URBANIZACIÓN MESON DA AUGA".

Emitidos os informes técnico e xurídico favorables, PROPONSE que o Concello Pleno acorde:

**Primeiro.**- Aprobar inicialmente o documento de MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 4 DO PXOM DE OLEIROS: MODIFICACION DOS USOS DAS PARCELAS DE EQUIPAMENTO DA URBANIZACION MESON DA AUGA. Doc. nº 18272 de 25.11.2015.

**Segundo.**- Someter o expediente a información pública durante un prazo de dous meses, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e en dous xornais de maior difusión na provincia.



CONCELLO DE  
OLEIROS

Terceiro.- Suspender o procedemento de outorgamento de licenzas no ámbito das parcelas afectadas de conformidade co art. 77 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Cuarto.- Dar audiencia aos municipios limítrofes.

Quinto.- Solicitar o informe preceptivo ao Instituto de Estudos do Territorio para que no prazo de tres meses emita o correspondente informe, coa advertencia que transcorrido este, entenderase favorable."

E para que conste expido este certificado en conformidade co que dispón o artigo 204 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF), de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde e coa advertencia á que fai referencia o artigo 206 do ROF citado e a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta;  
Oleiros, 1 de febreiro de 2016.-

Vº e Prace

**O alcalde,**

Ángel García Seoane

